

Acolá están as illas...

Acolá están as illas. Paso a man polo lombo do vento
que mas deu coma un can no monte dá perdiz
agardo que se ergan e voen sobre o mar.

A alma anda nestes inventos porque non lle abonda
o que é como é do mundo
quixer facer pombas con auga e amieiros de pruma
e en vez de carro que polos camiños do monte
baixase cantando a lúa arrastrada
por un tiro de peixes prateados.

- Pro estes inventos soio sirven
pra distraer a alma das suas contas,
tanto de amor e bágoas, dez por cento
de perdidos amores, e oitenta de soedade
que a vistes áspera como unha camisa de estopa
e queres pór unha ollada de seda no mencer
e nóna tés, veciño da tristura e do medo
a metade de ti morto sin enterrar
pra que a outra metade se decate.
Entón disimulando canto, e coas mentiras
fágome unha sorriso de xardín en festas.

Herba aquí ou acolá

Todo pende en que ún esteña morto
perguntando póla herba que nasce derriba
coma por un novo corpo máis levián,
abaneado pólo vento,

- que trae e que leva a semente -

Herba no monte ou nas rúas da cidade
- aquí podían ser os pés dos vagabundos
que ún se soñara nús unha mañán de cedo -

Canto vai da memoria á herba
por onde terreas pensativas azas
caladamente te recomenzan. Ouh abril,
tí liberdado dos vermes e dos ósos
dos ouvidos por onde estabas apegado
a aqueles outros pasaxeiros de traxe novo!
Cando chove adeprendo a beber auga.
Por unha boca que non tiven, abrancuxados
fíos que zugan no terrón e medran:
foron percisos nubes e sol e un sacho

- namentras te valeiras

esqueces os cantos ledos do verán e o merlo

o pan o lume e esa doce sorrisa
que todos tivemos unha vez pousada no peito -

Todo pende en que ún esteña morto
e queira volver ao val e á noite
esmola de home, pasteiro comunal
onde brancas ovellas alindadas por unha vella
pacen seguido sin erguer a cabeza
sin decatarse de ónde ven a herba
que moen e remoen os dentes apertados.

Sin decatarse da resurrección da carne de Álvaro Cunqueiro,
un novo corpo limpo que soñaba co vento,
— beira dun río, quizaves,
ou nun alto —.

11

Ese alguén de meu que nunca volve
á auga da infancia
sin saber saír do laberinto.
Ese que é outro home que eu levo
derrubado sobre min
ou como a hedra 90 carballos abraza.

En balde lle digo que hoxe recollen
as coloradas mazáns
e que hai que buscar as que caen entre a herba.
Verdadeiramente é como levar un morto
nada apetece e de nada se lembra
preguizoso sombrío. A seu carón vivo
e o eu que canta e volve
mira de esguello pra ónde xaz
e olla cómo apodrecen nel os soños e os anxeios
a mocidade que foi e as sorrisas das mulleres
todo o que foi amado e recibido
todo o que foi e nunca máis será.
Pro o eu que vive e anda
resiste e non esquece ren,
despedíndose farto de vida
cando a vida de meu e máila súa acaben.
Pro eu resucitarei que soio volven
os que recordan, compañeiros.